

REDRUM TEATRO PRESENTA

UN ESPECTÁCULO TEATRAL
BASEADO NA NOVELA DE **MONTSE FAJARDO**

3 Premios de Teatro
MARÍA CASARES

MELLOR ILUMINACIÓN
LAURA ITURRALDE

MELLOR ADAPTACIÓN/TRADUCCIÓN
MARIÁN BAÑOBRE
SANTIAGO CORTEGOSO

MELLOR DIRECCIÓN
MARIÁN BAÑOBRE

GAÑADOR
II CONCURSO DE IDEAS
LUÍSA VILLALTA
de proxectos pola igualdade

MELA CASAL SHEYLA FARIÑA NIEVES RODRÍGUEZ

INVISIBLES

DIRECCIÓN
MARIÁN BAÑOBRE

UNHA COPRODUCCIÓN ENTRE REDRUM TEATRO, CENTRO DRAMÁTICO GALEGO,
CONCELLERÍA DE IGUALDADE DO CONCELLO DE PONTEVEDRA E IGUALDADE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

AXTE. DIRECCIÓN TONI SALGADO MÁQUILLAXE E PERRUQUERÍA BAIA FERNÁNDEZ DE LA TORRE
ILUMINACIÓN LAURA ITURRALDE MÚSICA DAVIDE GONZÁLEZ DRAMATURXIA MARIÁN BAÑOBRE E SANTIAGO CORTEGOSO
PRODUCCIÓN ALEX SAMPAYO, GUILLERMO CARBAJO E SHEYLA FARIÑA
DIRECCIÓN MARIÁN BAÑOBRE

COPRODUCEN



centro
dramático
galego

AGADIC



XUNTA
DE GALICIA



IGUALDADE
DE XÉNERO
DEPUTACIÓN
DA CORUÑA

COA COLABORACIÓN



CONCELLO DE CATOIRA



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

O ESPECTÁCULO

Invisibles é un espectáculo creado a partir da novela homónima de Monste Fajardo, que presenta ante o público diversas historias cun fio común entre elas: a violencia de xénero.

O seu interese reside na exposición de historias reais protagonizadas por mulleres galegas, historias sobre malos tratos, algunhas delas xa coñecidas polo público pola súa repercusión mediática.

A pretensión fundamental é sensibilizar ás espectadoras e aos espectadores con esta lacra que invade a nosa sociedade.

Invisibles é un espectáculo para maiores de 12 anos, debido ao contido dalgunha das situacións que se presentarán no mesmo. Podemos dicir que é un espectáculo para público adulto pero que tamén cun grande interese para público adolescente, xa que é precisamente nese rango de idade no que rematan de formar as súas personalidades e no que comezan as súas primeiras relacións de parella. É o momento no que coñecer este tipo de situación pódelles levar a construír unha relación máis sana e a asentar os límites das súas relacións futuras.

Con este espectáculo presentamos dúas grandes reflexións: a inexistencia dun perfil típico entre as mulleres que sofren violencia de xénero e a invisibilidade dos agresores fronte á exposición das vítimas ante a sociedade. Desexamos que o noso público desenvolva unha conciencia crítica e cuestione a realidade que o envolve para poder así transformala.

Invisibles quere respectar e conservar a necesaria dimensión lúdica do teatro, pero aproveitando tamén a súa capacidade transformadora.

MONTSE FAJARDO AUTORA

Montse Fajardo nada en Vilagarcía de Arousa no 1973 é periodista de profesión e licenciada en Ciencias Políticas. A súa traxectoria está moi vencellada ao ámbito da igualdade e da memoria histórica. Forma parte dende 2013 do programa *A memoria das mulleres* do Concello de Pontevedra a través do que participou na creación do libro colectivo *Do gris ao violeta*.

En solitario publicou *Matriarcas* (2012), *Un cesto de mazás* (2015) e *Invisibles* (2017).

MARIÁN BAÑOBRE DIRECTORA

Marián Bañobre é unha directora, actriz, diseñadora de vestuario e creadora escénica nada en Ferrol no 1978. É licenciada en Socioloxía pola UDC. Traballou como actriz en compañías como o Centro Dramático Galego, Theatre Organic, Teatro do Morcego, Teatro de Ningures ou Ibuprofeno Teatro, da que é fundadora xunto con Santiago Cortegoso.

Como creadora escénica levou aos escenarios no 2014 o espectáculo experimental *Vulto* compartindo autoría xunto a Diego Seixo. No 2015 codirixiu con Santiago Cortegoso a peza de teatro radiofónico *Hai un punto que me doe* e no 2018 levou a dirección da obra teatral *Monstración* de Enconarte Producciones.

Leva acadados tres premios *María Casares*, un polo deseño de vestuario do espectáculo *O Furancho* de Ibuprofeno Teatro e dous polo seu traballo como actriz nas montaxes *Tartufo*, de Teatro de Ningures e *Pequenos Actos Pseudorrevolucionarios* de Ibuprofeno Teatro.

Redrum Teatro somos unha empresa cultural adicada a produción e distribución de espectáculos teatrais e edición de libros constituída no ano 2009. Dende a nosa fundación non paramos de producir espectáculos de diferentes formatos sempre cun coidado concepto estético e artístico como selo personal da compañía e cunha clara vontade de entreter.

Conscientes de que o teatro debe servir como instrumento social, terapéutico e pedagóxico, fómomos especializado en espectáculos didácticos dirixidos a público infantil con textos da nosa autoría ao tempo que compaxinamos a nosa produción con espectáculos para público adulto, tratando de facer un teatro lonxe de elitismos e que pretende abarcar un público de toda clase de condición social e inclusivo.

"A Pensión", 2009	"Noiteboa", 2015
"Moito Conto", 2011	"A Nena Que Quería Navegar", 2016
"Curriculum Vitae", 2012	"A Canción do Elefante", 2017
"Amor Flexible", 2013	"Estás aí?", 2018
"Roedores", 2014	"Contos do Recreo" 2018

MELA CASAL

"Fariña" Serie Antena 3
"Noiteboa" Redrum Teatro
"Winnie son eu" Pifano Teatro
"Pradolongo" Longametraxe
"A Vida por diante" Serie TVG
"Mareas Vivas" Serie TVG



SHEYLA FARIÑA

"Acacias 38" Serie TVE
"Serramoura" Serie TVG
"Pazo de Familia" Serie TVG
"Vigado Palace" Serie TVG e RTP
"Roedores" Redrum Teatro
"Vilamor" Longametraxe



NIEVES RODRÍGUEZ

"Vin polo vento" Programa TVG
"Pazo de Familia" Serie TVG
"Serramoura" Serie TVG
"Vaia Troula" Programa TVG
"Luar" Programa TVG



ALBERTO

A culpa é tua que me montas uns números do carallo porque es unha histerica e me pos de mala hostia.



FICHA ARTÍSTICA

ELENCO


Mela Casal
Sheyla Fariña
Nieves Rodríguez

Dirección Marián Bañobre
Dramaturxia Marián Bañobre
Santiago Cortegoso
Axe. dirección Toni Salgado
Maquillaxe e perruquería Baia Fernández de la Torre
Iluminación Laura Iturralde
Video-proxección Alex Sampayo
Música Davide González
Distribución Guillermo Carbajo
Produción Alex Sampayo
Guillermo Carbajo
Sheyla Fariña

SINOPSE

Un lugar indeterminado.
Tres mulleres.
Sete testemuños reais.
Un millón de razóns para falar do maltrato.
Non máis invisibles.

Duración aprox 90 min
Adaptable a calquera espazo



Baseado na novela de
Montse Fajardo

